

# **INFORME DA LIQUIDACIÓN DO ANO 2013**

De conformidade co establecido no artigo 191.3 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado polo R.D.Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, esta Intervención emite informe á liquidación do Orzamento do Concello do exercicio 2013 .

A normativa de aplicación é a que sigue:

- Artigos 191 a 193 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Artigos 89 a 105 do Real decreto 500/90, de 20 de abril, en materia orzamentaria.
- Orden EHA 4041/2004, de 23 de novembro, que aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.

O órgano competente para a aprobación da Liquidación do Orzamento é a Concelleira de Facenda de acordo ao previsto no decreto de delegación de alcaldía de data 5 de xullo de 2011, e acordo de Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2011.

Da liquidación de cada un dos orzamentos que integran o orzamento xeral e dos estados financeiros das sociedades mercantís dependentes da Entidade, unha vez realizada a súa aprobación, darase conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

O informe que se fai refírese exclusivamente ao Concello de Santiago e a súa liquidación, amosando a evolución dende o ano 2010. Incorpóranse, asemade, diferentes rateos económico-financeiros que completan os datos da liquidación.

En informe independente preséntase o de capacidade ou necesidade de financiamento para o cumprimento do obxectivo de estabilidade, consolidado para as entidades de natureza administrativa. O Decreto polo que se aproba a liquidación preséntase consolidado para o Concello e o organismo autónomo Auditorio.

## 1. O remanente líquido de tesourería.

|                                               | <b>2013</b>   |
|-----------------------------------------------|---------------|
| 1. Fondos líquidos de tesourería              | 16.627.821,96 |
| 2. Dereitos pendentes de cobro                | 36.333.475,45 |
| 3. Obrigas pendentes de pago                  | 18.840.569,69 |
| 4. Remanente de tesourería total (1+2-3)      | 34.120.727,72 |
| 5. Provisión para insolvencias                | 14.466.074,92 |
| 6. Remanente para gastos con financ. afectado | 15.061.374,93 |
| 7. Remanente para gastos xerais (4-5-6)       | 4.593.277,87  |

O remanente líquido de tesourería para gastos xerais é positivo e a súa evolución crecente. Os rateos de liquidez que se amosan no apartado 4.4 ratifican este dato A súa determinación tívose en conta os porcentaxes mínimos para o cálculo do dubidoso cobro

do novo artigo 193.bis do TRLFL, sendo a provisión estimada (14.466.074,92 euros) superior á mínima legal, en aplicación dos criterios das bases de execución do orzamento.

Destaca a redución dos cobros pendentes de aplicación respecto do ano anterior (621.432,70 euros fronte a 2.136.776,43 euros) e dos pagos pendentes de aplicación, que se reducen a 6.618,90 euros, fronte aos 1.740.997,90 euros. Estas consideracións, xunto có feito da aplicación dos criterios contables vixentes ao longo do exercicio, determinan que o remanente líquido positivo é unha imaxe fiel da realidade.

## 2. O resultado orzamentario.

|                                             | <b>2013</b>   |
|---------------------------------------------|---------------|
| 1. Dereitos recoñecidos netos               | 94.208.725,38 |
| 2. Obrigas recoñecidas netas                | 90.238.690,89 |
| 3. Resultado antes de axustes (1-2)         | 3.970.034,49  |
| 4. Gastos financiados con remanente líquido | 723.613,46    |
| 5. Desviacións negativas                    | 5.247.535,05  |
| 6. Desviacións positivas                    | 3.731.284,40  |
| 7. Resultado axustado (3+4+5-6)             | 6.209.898,60  |

O resultado orzamentario tamén é de signo positivo, mellorando o desexable axuste dos dereitos ás obrigas respecto do ano anterior. Obsérvase que o resultado antes de axuste ofrece un superávit moi semellante ao do superávit do orzamento para o ano 2013.

## 3. A estabilidade orzamentaria en termos orzamentarios.

### 3.1.- Saldo non financeiro.

|                                            | <b>2013</b>   |
|--------------------------------------------|---------------|
| 1. Dereitos recoñecidos netos (Cap. 1 ó 7) | 94.136.044,99 |
| 2. Obrigas recoñecidas netas (Cap. 1 ó 7)  | 82.243.211,87 |
| 3. Saldo non financeiro (1-2)              | 11.892.833,12 |

### 3.2.- Saldo financeiro.

|                                        | <b>2013</b>  |
|----------------------------------------|--------------|
| 1. Dereitos recoñecidos netos (Cap. 8) | 72.680,39    |
| 2. Obrigas recoñecidas netas (Cap. 8)  | 80.000,00    |
| 3. Dereitos recoñecidos netos (Cap. 9) | 0,00         |
| 4. Obrigas recoñecidas netas (Cap. 9)  | 7.915.479,02 |
| 5. Saldo financeiro (2-1-3+4)          | 7.922.798,63 |

O orzamento do ano 2013 presupostouse cun superávit preto aos 4 millóns de euros e sen recorrer ao endebedamento. Deste xeito, os dereitos non financeiro financian os gastos non

financeiros, determinado un saldo positivo de 11.892.833,12 euros, cos que se financia, a súa vez, a amortización da débeda (7,92 millóns) sendo a diferenza o superávit orzamentario.

No informe independente da estabilidade, determinase esta consolidada e consonte ao criterio do Sistema Europeo de Contas(SEC95).

#### 4. Indicadores de xestión.

##### 4.1.- Indicadores de gastos.

|                         | <b>2013</b> |
|-------------------------|-------------|
| 1. Gastos por habitante | 939,59      |
| 2. Cobertura de gastos  | 104,40%     |

1. Os gastos por habitante miden a relación do total obrigas recoñecidas polo número de habitantes, amosando un incremento respecto do ano anterior, que foi de 905,60 euros.

2. A cobertura mide a relación do total dereitos recoñecidos sobre as obrigas recoñecidas, sendo positiva dende o ano 2011. Dende o ano 2011 os ingresos recoñecidos ven superando as obrigas, o que unha manifestación do grado de financiamento.

##### 4.2.- Indicadores de xestión orzamentaria.

|                                      | <b>2013</b> |
|--------------------------------------|-------------|
| 1. Execución de ingresos             | 79,01%      |
| 2. Execución de gastos               | 77,80%      |
| 3. Recadación dos ingresos correntes | 89,08%      |
| 4. Pago dos gastos correntes         | 91,29%      |

Os indicadores de execución miden os dereitos e as obrigas recoñecidos sobre os totais previstos, o que determina o grado de execución do orzamento de gastos e de ingresos. Destaca o nivel de execución de gastos do ano 2013, que supera os niveis de anos anteriores.

Os indicadores 3 e 4 miden a relación da recadación e do pago entre os dereitos e as obrigas recoñecidos, respectivamente, reflectíndose en ámbolos dúos casos unha evolución positiva e un porcentaxe elevado (89,08% en ingresos e 91,29% en gastos), o que mide a eficiente xestión recadatoria, para aos ingresos, e a boa situación da tesourería e de xestión, que permite pagar as obrigas recoñecidas nos altos porcentaxes indicados..

##### 4.3.- Indicadores dos servizos prestados.

|                       | <b>2013</b> |
|-----------------------|-------------|
| 1. Gastos de persoal  | 38,11%      |
| 2. Rixidez dos gastos | 40,58%      |

|                                        |        |
|----------------------------------------|--------|
| 3. Transferencias correntes entregadas | 12,80% |
|----------------------------------------|--------|

1. O indicador do gasto de persoal mide o peso relativo destes gastos (capítulo 1) respecto dos gastos correntes (capítulos 1 ao 4). Refléctase unha diminución entre o ano 2010 e 2013 do 43,14% ata o 38,11%, o que permite dedicar mais recursos aos outros gastos correntes, coma a compra de bens correntes e servizos do capítulo 2 ou transferencias correntes e subvencións.

2. O indicador da rixidez do gasto mide o peso relativo dos gastos de persoal e financeiros (capítulos 1 e 3) sobre os gastos correntes (capítulos 1 ao 4). Dado o carácter mais fixo destes gastos, os porcentaxes indican a maior ou menor rixidez do gasto corrente. Deste xeito, e evolución é favorable cara a unha maior flexibilidade do gasto, como de forma parecida pode tamén deducirse do indicador anterior.

3. O ratio das transferencias entregadas mide a relación das transferencias (capítulo 4) respecto do total do gasto corrente, amosando un crecemento, froito da mencionada flexibilización do gasto corrente

#### 4.4.- Indicadores de tesourería.

Os indicadores de tesourería determínanse do seguinte xeito:

|                            |                                                                                                        |
|----------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1. Liquidez inmediata      | Fondos líquidos / Obrigas pendentes de pago                                                            |
| 2. Solvencia a curto prazo | $\frac{\text{Fondos líquidos} + \text{Dereitos pendentes de cobro}}{\text{Obrigas pendentes de pago}}$ |
| 3. Prazo medio de cobro    | DRN pendentes de cobro / DRN totais X 365                                                              |
| 4. Prazo medio de pago     | ORN pendentes de pago / ORN totais X 365                                                               |

A liquidez inmediata e a solvencia evolucionan de xeito moi positivo ata os valores dos anos 2012 e 2013: Por cada 1 euro que se debe, o Concello dispón de 0,88 euros en caixa, e 2,81 euros se se suman á tesourería os dereitos pendentes de cobro.

Os períodos medios de cobro amosan un movemento de dentes de serra, empezando a serie en 129 días e concluíndo en 141 día no ano 2013.

A tendencia do prazo medio de pago aos acredores diminúe ata un moi positivo prazo de 45 días.

#### 5. Aforro neto.

|                                             | 2013          |
|---------------------------------------------|---------------|
| 1. Dereitos recoñecidos netos (Cap. 1 ó 5)  | 90.114.305,95 |
| 2. Obrigas recoñecidas netas (Cap. 1,2 e 4) | 73.391.660,67 |
| 3. Anualidades amortización (Cap. 3 e 9)    | 9.771.182,53  |
| 4. Aforro neto (1-2-3)                      | 6.951.462,75  |

O aforro neto reflicta o saldo que queda para autofinanciar as inversións e as transferencias de capital, despois de dedicar os ingresos correntes a “pagar” os gastos correntes e a amortización da débeda. Noutros termos, a diferenza dos capítulos 1 ao 5 de ingresos e os capítulos 1 ao 4 e 9 do gastos. O aforro neto sitúase en case 7 millóns en 2013.

### 6. Superávit / déficit de financiamento orzamentario.

|                                                | <b>2013</b>   |
|------------------------------------------------|---------------|
| 1. Ingresos correntes (Cap. 1 ó 5)             | 90.114.305,95 |
| 2. Gastos correntes (Cap. 1 ó 4)               | 75.247.364,18 |
| 3. Aforro bruto (1-2)                          | 14.866.941,77 |
| 4. Ingresos de capital non financ (Cap. 6 e 7) | 4.021.739,04  |
| 5. Gastos de capital non financ (Cap. 6 e 7)   | 6.995.847,69  |
| 6. Ingresos non financeiros (1+4)              | 94.136.044,99 |
| 7. Gastos non financeiros (2+5)                | 82.243.211,87 |
| 8. Superávit ou déficit non financeiro (6-7)   | 11.892.833,12 |

O superávit orzamentario non financeiro amosa a diferenza dos dereitos e obrigas non financeiras, é dicir, dos capítulos 1 ao 7 de ingresos e gastos. O seu importe positivo (11,892 millóns de euros) permite dedicar esta diferenza aos gastos en activos e pasivos financeiros (capítulos 8 e 9), principalmente á amortización de débeda e, como é o caso, a obter un resultado positivo como consecuencia de non consumir todo o superávit non financeiro en gastos financeiros.

### 7. Indicadores de equilibrio orzamentario.

|                           | <b>2013</b> |
|---------------------------|-------------|
| 1. Aforro bruto           | 16,50%      |
| 2. Aforro neto            | 7,71%       |
| 3. Amortización de débeda | 8,40%       |

Estes indicadores miden a relación entre as magnitudes indicadas e os dereitos recoñecidos netos en concepto de operacións correntes (capítulos 1 ao 5 do orzamento de ingresos).

Así, o aforro neto representan o 16,50% dos dereitos recoñecidos por operacións correntes, o aforro neto o 7,71% e a amortización de débeda o 8,40%. A evolución do aforro reflicta un incremento do ano 2010 ao 2011, e unha diminución ata o ano 2013, manténdose en positivo polos importe sinalados nos apartados 5 e 6.

O porcentaxe que se dedica dos dereitos correntes a amortizar débeda ascende lixeiramente ao longo do período considerado, rematando nun 8,40%.

## 8. Investimentos.

### 8.1.- Investimentos.

|                           | <b>2013</b>  |
|---------------------------|--------------|
| 1. Investimentos (Cap. 6) | 5.222.201,50 |

As obrigas recoñecidas en concepto de investimento, recuperáanse lixeiramente no ano 2013 respecto do 2012.

### 8.2.- Indicadores de esforzo investidor.

|                                                            | <b>2013</b> |
|------------------------------------------------------------|-------------|
| 1. Investimento por habitante                              | 72,84       |
| 2. Relevancia dos investimentos                            | 7,75%       |
| 3. Financiamento dos investimentos cos ingresos de capital | 57,49%      |
| 4. Relevancia dos ingresos de capital                      | 4,27%       |
| 5. Índice de investimento                                  | 0,08        |
| 6. Dependencia transferencias de capital                   | 57,43%      |

O esforzo inversor refírese as obrigas recoñecidas en concepto de inversións e de transferencias de capital (capítulos 6 e 7 de gastos).

1. O investimento por habitante recupérase lixeiramente en 2013 respecto 2012.
2. A relevancia dos investimentos compara estes có total das obrigas recoñecidas no orzamento de gastos, seguindo a mesma tendencia que o ratio anterior.
3. O indicador do financiamento dos investimentos cos ingresos de capital mide o financiamento destes có total dos ingresos por operacións de capital, é dicir, cos capítulos 6 e 7 de ingresos. O resto da inversión financiarase con recursos propios o con endebedamento. A tendencia invértese dende o ano 2011, rematando nun 57,49% dos ingresos de capital.
4. A relevancia dos ingresos de capital indica o grao de importancia destes respecto do total de dereitos recoñecidos.
5. O índice de investimento reflicta a relación do esforzo inversor respecto do total de obrigas orzamentarias, inverténdose a tendencia pola alcista no ano 2013.
6. A dependencia do esforzo inversor respecto das transferencias de capital mide a medida en que se financian as inversións coas transferencias, excluído o financiamento coa venda das inversións reais, e tendo en conta a variación dos activos financeiros (Cap 7I / (cap. 6G+ cap. 7G + cap. 8G – cap. 6I – cap. 8I)). A evolución é dunha maior

dependencia dende o ano 2011, situándose no 57,43%, sen chegar aos niveis do ano 2010 (64,59%).

## 9. Endebedamento.

### 9.1.- Importe do endebedamento.

|                                | 2013          |
|--------------------------------|---------------|
| 1. Endebedamento a longo prazo | 50.354.089,36 |
| 2. Endebedamento a curto prazo | 8.682.277,29  |
| 3. Endebedamento total (1+2)   | 59.036.366,65 |

### 9.2.- Indicadores de endebedamento.

|                                                | 2013   |
|------------------------------------------------|--------|
| 1. Carga financeira por habitante              | 101,74 |
| 2. Relevancia da carga da débeda sobre o total | 10,83% |
| 3. Peso da carga financeira sobre corrente     | 10,84% |
| 4. Marxe do autofinanciamento corrente         | 92,29% |
| 5. Custe da débeda                             | 3,14%  |
| 6. Índice de endebedamento                     | 0,66   |
| 7. Endebedamento por habitante                 | 614,70 |
| 8. Risco financeiro                            | 3,97   |

O endebedamento refírese aquí, como nos apartados anteriores, só ao de Concello, e tendo en conta tamén o derivado da devolución do PIE. Noutros informes calcúlase o endebedamento aos efectos da autorización para endebedarse consonte a outros parámetros.

Obsérvase unha constante diminución do endebedamento en termos absolutos, no período considerado (o endebedamento a curto prazo inclúe o importe que se amortiza anualmente).

O indicador da relevancia financeira amosa o porcentaxe que representan os intereses e a amortización do capital respecto do total das obrigas recoñecidas. A evolución é estable, situándose nun 10,83% do total das obrigas no ano 2013. O peso sobre as obrigas recoñecidas por operacións correntes é moi semellante, o 10,84%.

A marxe de autofinanciamento corrente indica a relación entre as obrigas por operacións correntes mais por amortización da débeda e os dereitos recoñecidos correntes. A evolución é positiva dende o ano 2011, sendo dun elevado 92,29% no ano 2013.



O custe da débeda obtívose comparando as obrigas en concepto de gastos financeiros có capital vivo, aínda que aquí se tamén se incorpora a débeda pola devolución da PIE. Sitúase nun razoable 3,14%.

O índice de endebedamento referénciase respecto dos dereitos recoñecidos por operacións correntes, reflectindo a evolución unha diminución no ano 2013 ata o índice do 0,66, por debaixo tamén do ano 2010 (0,78).

O risco financeiro compara o volume de endebedamento có aforro bruto, dando a serie temporal unha drástica diminución en 2011, para aumentar lixeiramente ata situarse en 3,97, é dicir , o endebedamento representa 3,97 o importe do aforro bruto.

## 10. Operacións pendentes de aplicar ó presuposto.


|                                | 2013       |
|--------------------------------|------------|
| 1. Saldo contable da conta 413 | 651.734,85 |

A conta 413 recolle o importe dos acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento a 31 de decembro, normalmente por tratarse de facturas recibidas no mes de decembro e que non puideron tramitarse. Dende o ano 2011 a cifra diminúe, ata situarse en 651.734,84 euros, o que representa o que representa o 0,72 por cento do total das obrigas recoñecidas, un importe polo tanto moi baixo.

## 11. Análise dos ingresos correntes.

### 11.1.- Ingresos correntes 2013. Importancia relativa.

|                                      | Dereitos<br>Recoñecidos<br>Netos | % sobre<br>D.R.N.<br>Totais | D.R.N.<br>por<br>Habitante |
|--------------------------------------|----------------------------------|-----------------------------|----------------------------|
| Capítulo 1. Impostos directos        | 42.033.598,47                    | 46,64%                      | 437,66                     |
| Capítulo 2. Impostos indirectos      | 2.644.023,23                     | 2,93%                       | 27,53                      |
| Capítulo 3. Taxas e outros ingresos  | 15.832.068,08                    | 17,57%                      | 164,85                     |
| Capítulo 4. Transferencias correntes | 28.855.293,89                    | 32,02%                      | 300,45                     |
| Capítulo 5. Ingresos patrimoniais    | 749.322,28                       | 0,83%                       | 7,80                       |
| <b>TOTAIS</b>                        | <b>90.114.305,95</b>             | <b>100,00%</b>              | <b>938,29</b>              |



### 11.2.- Indicadores de ingresos.

|                                 | <b>2013</b> |
|---------------------------------|-------------|
| 1. Ingresos por habitante       | 980,92      |
| 2. Presión fiscal por habitante | 630,04      |

A importancia relativa dos ingreso manifesta un alto nivel de autonomía financeira por canto só o 32,02% dos recursos correntes son transferencias correntes procedentes de outras Administracións e outros suxeitos.

A evolución dos ingresos correntes reflicta aumentos nos capítulos 1 impostos directos , 4 transferencias correntes e 5 ingresos patrimoniais, e diminucións nos capítulos 2 impostos directos e 3 taxas e outros ingresos. O importe dos ingresos correntes totais tende a diminuír ende o ano 2011

### 12. Conclusións.

Infórmase favorablemente a liquidación do orzamento do ano 2013, reflectindo unha imaxe fiel da realidade económico financeira.

Por outra banda, situación económico financeira é saneada, sendo todas as magnitudes de sino positivo.

A tendencia á diminución dos ingresos correntes obriga a manter as políticas de contención do gasto corrente, sendo positivo que o nivel de endebedamento está por debaixo dos límites legais e o ritmo de amortización da débeda permite xerar aforro neto nos próximos exercicios.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2014.  
O interventor xeral

Asdo: Vicente J. Calvo del Castillo